


Veñen os cíborgs!

A palabra cíborg está formada pola combinación de outras dúas: *cibernético* (relacionado coa informática e os aparellos electrónicos) e *organismo*.

Dese modo, un cíborg sería algo que é metade ser vivo e metade máquina ou, dito doutra maneira, un ser vivo que inclúe dispositivos mecánicos ou electrónicos no seu organismo. Estes dispositivos forman parte do corpo, a diferenza, por exemplo, dunhas lentes ou do calzado deportivo.

Pode parecer algo de ciencia ficción e, de feito, existen varias películas e debuxos animados que tratan o tema. O certo, non obstante, é que cada vez se avanza máis na creación de seres cibernéticos.

Por exemplo, hai xa bastante tempo que se inventaron uns dispositivos chamados marcapasos. Estes colócanse no interior do corpo e axudan as persoas enfermas do corazón para que este siga latexando con regularidade. Outros aparellos tamén electrónicos introdúcense na cabeza e permítenlles oír ás persoas xordas. Incluso se inventaron pernas e brazos artificiais para persoas que perderon algún membro, e estes pódenos mover co seu propio cerebro coma se fosen de verdade.



1 Contesta as preguntas.

- Que dúas palabras forman o termo cíborg? _____
- Que significa cada unha delas? _____

- Que é un cíborg? _____

2 Moitas personas levan audífonos para oír mellor. Cres que estas persoas se poden considerar cíborgs? Explica a túa resposta.



3 Explica que é un robot e di se é o mesmo ca un cíborg.

4 Seguro que ser un cíborg ten vantaxes. Pensa en que dispositivos che gustaría levar no teu corpo e para que servirían.
